

A stylized line drawing in black ink on a magenta background. It depicts a crowd of people from the waist down, wearing various styles of pants, skirts, and shoes. A string of triangular bunting flags, alternating between white and teal, hangs across the scene. On the right, a large, stylized letter 'G' is partially visible, with a teal section. The overall style is graphic and modern.

**CUL
TUR
GAL**

FEIRA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS

MEMORIA 2010

ÍNDICE

1. Culturgal 2010

2. Os datos

Asociación Culturgal
Patrocinios e colaboracións
Entidades expositoras
Programa de actividades
Público
Orzamento

3. Conclusións e recomendacións





CULTURGAL 2010

Culturgal, a Feira das Industrias Culturais, é un evento único, de periodicidade anual, que congrega aos distintos gremios da cultura: libro, creación audiovisual, artes escénicas, música, deseño, internet e novas tecnoloxías... Articúlase, dende o seu nacemento, como un espazo permeable, coas portas e ventás abertas para o diálogo directo entre a cultura e a sociedade, que conxuga o encontro profesional coa presentación, promoción e venda aberta ao público de produtos e servizos. Propón á vez un lugar de encontro dos axentes do sector que favoreza e promova a colaboración e o apoio entre profesionais e un lugar de exhibición cunha programación de actividades variadas dirixidas a públicos diversos.

Constitúe empiriso a mellor radiografía dun sector industrial cohesionado, forte, dinámico e moderno e o mellor escaparate da oferta cultural do país nas súas diferentes versións, soportes e sectores.

A partir de 2010 ponse á fronte do Culturgal unha asociación da que se responsabiliza directamente a industria cultural, garantindo así a continuidade da feira e o asentamento dunhas liñas de traballo sólidas. Os seus membros asumen a organización do evento para darlle viabilidade ao proxecto, cunha folla de ruta trazada activamente polo sector e co obxectivo prioritario de visibilizar a oferta cultural do país.

Construír Culturgal 2010 en dez semanas e cun orzamento moi axustado supuxo un enorme esforzo para unha Asociación que, ademais, acababa de nacer. O resultado final foi un produto digno que combinou con acerto o difícil equilibrio entre os intereses do sector e os gustos do público xeral amante da literatura, a música, o cine, o teatro e calquera manifestación cultural desenvolvida na nosa lingua. O grao de satisfacción acadado entre os participantes indícanos que o camiño tomado era o correcto.



A ASOCIACIÓN CULTURAL

A Asociación Cultural, creada o 22 de xullo de 2010 polas máis importantes asociacións profesionais da industria cultural galega, afrontou a organización da terceira edición da Feira das Industrias Culturais, co obxectivo de garantir a súa continuidade e asentar unhas liñas de traballo sólidas. Os colectivos membros asumiron directamente a organización do evento, a través da xunta directiva da Asociación Cultural, cunha folla de ruta trazada activamente polo sector e co obxectivo prioritario de visibilizar a oferta cultural do país. Os resultados acadados aseguran a continuidade do modelo.

Forman parte da Asociación Cultural:

A Asociación Galega de Editores (AGE) leva máis de 25 anos coordinando a iniciativa empresarial da edición en lingua galega. Hoxendía integra 45 empresas, o que supón máis do 90% do sector editorial do país.
<http://www.editoresgalegos.org/>

Escena Galega, a Asociación Galega de Empresas das Artes Escénicas, creouse no ano 2002 como

un organismo de carácter profesional, autoxestor, autónomo e independente, integrado por empresas e empresarios individuais que teñen como actividade a produción de espectáculos escénicos. Na actualidade congrega a 27 compañías de teatro, de danza e de monicreques.
www.escenagalega.blogspot.com

A Asociación Galega de Empresas Musicais (AGEM) naceu no 2007 por acordo dun amplo número de empresas dedicadas ao management de artistas, intermediación na contratación de eventos musicais, promoción e produción de concertos. Na actualidade, AGEM ten 22 empresas asociadas que cobren o abano completo de servizos relacionados coa produción de todo tipo de eventos.
<http://www.agem-musica.com>

A Asociación Galega de Produtoras Fonográficas (AGAPHONO) naceu no ano 2002 para a defensa, edición, promoción e difusión da Cultura Musical Galega. Forman parte de Agaphono: Atlantia, Audia Records, Clave Records, Edicións do Cumio, Falcatrada, Ouvirmos, Sons Galiza Comunicación e Zouma,

o que supón o 45% do sector. Ademais, un total de catro empresas máis están en trámites para pasar a formar parte da asociación.

Eganet é a asociación de empresas galegas dedicadas a internet e as novas tecnoloxías, que abranguen as cinco principais áreas de negocio neste ámbito: internet e medios on line, comunicación interactiva en novos medios, consultoría e asesoramento Tic, conectividade e integración de sistemas e desenvolvemento de software. Creouse en 2000 e na actualidade suma 60 socios, que facturan 40 millóns de euros anuais e engloban mil postos de traballo.
<http://www.eganet.org>

A Asociación Galega de Produtoras Independentes (AGAPI) é a asociación empresarial pioneira do sector audiovisual galego; agrupa a máis de 35 empresas produtoras de cine, televisión, publicidade e servizos e leva contribuíndo activamente á consolidación e desenvolvemento da industria de Galicia dende hai máis de quince anos.
www.agapi.org

ENTIDADES PATROCINADORAS

O Culturgal 2010 naceu do apoio do **Agadic** a un novo modelo de xestión da Feira que se traduciu na autoxestión dos recursos por parte da asociación. Partindo desta acotación, o papel da institución foi en todo momento de máxima colaboración e confianza no proxecto, achegando solucións nas reunións de coordinación.

Culturgal 2010 integrou, ademais, dentro da súa programación varias actividades do Programa Creativa, que levan adiante a Axencia Galega das Industrias Culturais da Consellería de Cultura e Turismo e a Direcção Regional de Cultura do Norte do Ministerio de Cultura portugués de forma conxunta dende finais de 2009. Co financiamento a cargo dos fondos FEDER da UE e pertencente ao Programa Europeo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal, o proxecto afonda na necesidade do intercambio e cooperación transnacionais e a consideración da cultura como factor básico de desenvolvemento territorial e económico.

A Concellaría de Cultura do **Concello de Pontevedra** colaborou na celebración de Culturgal 2010 coa cesión gratuíta do recinto feiral, así como dos gastos de iluminación e calefacción. Asumiu tamén o pago de gastos de produción, en función do convenio asinado, e, a maiores, cedeu materiais de montaxe e produción, realizou xestións directas de programación, asumiu os custos de publicidade radiofónica e de rúa, así como da distribución de folletos e cartaces na cidade, do servizo de azafatas para os espectáculos e do persoal de taquilla durante toda a Feira.

A Secretaría Xeral de Política Lingüística

A pesar de contactar con pouco marxe de tempo, a Secretaría Xeral de Política Lingüística amosou un grande interese por colaborar co proxecto e, ademais dunha achega económica, patrocinaron integramente algún dos espectáculos da programación e tiveron unha presenza activa na mesma.

EMPRESAS EXPOSITORAS

O esforzo desenvolvido con catro liñas telefónicas abertas para a captación de empresas interesadas en participar en Culturgal 2010 deu uns resultados altamente satisfactorios. Expuxeron as súas proposta na Feira as seguintes empresas e entidades:

1. aCentral Folque, Centro Galego de Música Popular
2. AGAL Asociación Galega da Lingua
3. AGAPHONO Asociación Galega de Productoras Fonográficas
4. AGAPI Asociación Galega de Productoras Independentes
5. AGASE Asociación Galega de Empresas de Servizos para Eventos
6. AGE Asociación Galega de Editores
7. AGEM Asociación Galega de Empresas Musicais
8. AiraPro Producións
9. Atlantia Entertainment
10. Axencia Muxicas
11. Baía Edicións
12. Biblos Clube de Lectores
13. Concello de Pontevedra
14. Consellería de Cultura, Xunta de Galicia
15. Consorcio Editorial Galego
16. Coro da Rá
17. CRTVG
18. Crearte Servizos Culturais S.L.
19. Cultur@ctiva Coper@ctiva Festiclown
20. Difusora de Letras, Artes e Ideas
21. Edicións Barbantesa
22. Edicións do Cumio
23. Edicións Embora
24. Edicións Xerais de Galicia
25. Editorial Galaxia
26. EGANET. Empresas galegas adicadas a internet e as novas tecnoloxías

27. El Patito Editorial
28. ESAD. Escola superior de arte dramática de Galicia.
29. Escena Galega. Asociación Galega de empresas de artes escénicas
30. Esmerarte Servicios Artísticos
31. FEET 2010
32. FOL Música-BOA Publishing
33. Fundación Uxío Novoneyra
34. Galeoke
35. Implicadas no desenvolvemento
36. Inquedanzas Sonoras
37. Ir Indo Edicións
38. Kalandraka Editora
39. Kukas Producciones artísticas
40. Librería Cartabón
41. Librería Pedreira
42. Livraría Torga
43. Lonxa Cultural SL
44. Miño Media SL
45. Mr Misto Films
46. Mundo Lois
47. Nalgures Producións
48. Nordesía Producións
49. Nova Xestión Cultural
50. OQO editora
51. Oroboro Films
52. Panamesiana Teatro
53. Patas de Peixe Editora
54. Pegadas Sociedade Cooperativa Galega

55. Pistacatro Produtora de Soños
56. Polyrock S.L.
57. Producións Teatrais Talía
58. Reverso Comunicación Cultura e Lingua
59. Secretaría Xeral de Política Lingüística. Xunta de Galicia
60. Sinsalaudio
61. Sirgo Torcendo
62. Sons Galiza Comunicación
63. Toupa.net
64. Urco Editora
65. Van Divulgación Cultural
66. Vtelevisión
67. Zouma Producciones

As cifras de participación de Culturgal 2010 evidencian a implicación das empresas do sector co proxecto: 67 entidades expuxeron os seus produtos e servizos na Feira, fronte ás 60 da edición de 2007 e os 75 da edición de 2008. Hai que ter en conta, ademais, que en 2008 había 7 expositores institucionais, fronte aos 3 deste ano. O éxito de participación é especialmente significativo nos momentos de crise económica que vivimos na actualidade. Neste senso, cómpre lembrar a desaparición de algunhas empresas presentes na edición de 2008 e subliñar a atracción de empresas novas que nunca participaron na Feira.

ACTIVIDADES

Por xénero

Libro	36
Música	26
Audiovisual	17
Artes escénicas	12
Transversal	6
Intervención Cultural	6
Tecnoloxía	2

TOTAL 105

Por tipo de público

Xeral	73
Infantil	22
Profesional	6
Xuvenil	3
Universitario	1

TOTAL 105

Por espazo

No salón	30
No faiado	25
No cuarto dos nenos	17
No patio	12
No estudio	7
Nos corredores	8
Na recámara	4
No garaxe	2

TOTAL 105

Por día

Venres	28
Sábado	40
Domingo	37

TOTAL 105

PÚBLICO


A presenza de público na Feira superou todas as expectativas, especialmente no tocante a grupos familiares e participación en micro-concerto promocionais e programación alternativa. A continuación achegamos a relación dos números máis significativos:

Para controlar a afluencia de público no recinto feiral utilizáronse dous contadores nos puntos de acceso e fíxose a media entre un e outro.



Recinto feiral

Venres	3.230
Sábado	4.660
Domingo	6.120
TOTAL	14.010



Actividades fóra do recinto feiral

1 Microfestivais	608
2 Concerto Galicia. Br	521
3 Concerto Galicia.Pt	683
4 Concerto Tic Tac	521
5 Teatro «In»	225
6 Teatro «Un cranio furado»	434
7 Contacontos	297
8 Foros profesionais	150

ORZAMENTO

INGRESOS FEIRA


Concepto	Importe (euros)	
	(sen IVE)	(con IVE)
1 Ingresos patrocinio Administración	212764,49	248563,21
AGADIC	101694,92	120000,00
Programa Creativa (AGADIC)	67796,61	80000,00
Concello de Pontevedra	25423,73	30000,00
Secretaría Xeral de Política Lingüística	17849,24	18563,21
2 Alquiler de espazo no recinto feiral	9360,40	10109,23
3 Venta de merchandising	1306,76	1542,00
Total ingresos	223431,67	260214,44


GASTOS FEIRA

Concepto	Importe (euros)	
	(sen IVE)	(con IVE)
1 Servizos xerais	11553,42	13425,69
2 Feira	15238,00	17980,84
3 Producción espectáculos	24488,97	28896,98
4 Hostalería	2428,56	2700,74
5 Coordinación e persoal adxunto	31288,36	36920,26
6 Actividades	60264,72	68420,27
7 Comunicación	44765,25	52469,00
8 Escenografía e sinalética	20169,00	23799,42
SUBTOTAL	209628,40	244613,20
Provisión de gastos pendentes	4820,00	4507,60
Total gastos	214448,40	249120,80
Resultado da Feira (Beneficios)	8983,27	

Notas:

Ademáis destes importes, recibíronse as seguintes achegas:
1. Material de comunicación do Programa Creativa (AGADIC), por valor de 30.000 euros
2. Dúas obras de teatro, financiadas ao 50% polo Concello de Pontevedra e Agadic
3. Concerto de Tic Tac, financiada pola Secretaría Xeral de Política Lingüística
Non se contemplan os gastos nin os ingresos de Kiko Klaus e Erika Machado





CONCLUSIÓNS E RECOMENDACIÓNS

Culturgal 2010 é un fito histórico para a cultura galega. A industria asumiu directamente a xestión do evento cultural máis importante de Galicia e o resultado desa creación colectiva garante sen dúbida ningunha a súa continuidade. Tendéronse pontes entre as distintas asociacións e demostrouse que, efectivamente, a cultura galega é moito máis forte cando está unida. Esa é a maior fortaleza de Culturgal 2010.

Cómpre recordar os tres grandes obxectivos e os tres grandes éxitos desta edición:

- 1. Implicación das empresas do sector: 67 empresas expositoras, neste contexto de forte crise económica, fronte ás 60 de 2007 e as 75 do 2008, con 3 stands institucionais fronte aos 7 de 2008.**
- 2. Número de visitantes: máis de 14.000, con só tres días de feira, fronte aos catro días das edicións**

anteriores. Especialmente boa foi a acollida por parte do público familiar

3. Elevado nivel de satisfacción dos participantes, así como o bo ambiente creado entre os profesionais e que se contaxiou ao público xeral

Como xa quedou dito, a primeira experiencia da Feira organizada pola Asociación Culturgal confirma que é unha cita necesaria para o sector e pon as bases para consolidar no futuro unha auténtica convocatoria ideada para responder ás expectativas dos diferentes eidos, servindo como escaparate do producido ante:

- 1. O propio sector**
- 2. Os programadores, xestores e outros intermediarios**
- 3. O público**

Culturgal confirmase como un acontecemento anual «único», de carácter profesional, que se abre ao

público na fin de semana. Esa característica de circunstancia excepcional, na que se ofrecen programacións que non se van ter ocasión de volver a ver concentradas é a que vai dar transcendencia e visibilidade á Feira ano tras ano.

Consideramos indispensable que previa á celebración do próximo CULTURGAL se inicie unha campaña informativa na que se informe dos obxectivos e os resultados obtidos na edición 2010.

Ademais, a marca CULTURGAL debe manterse viva ao longo de todo o ano.

ORGANIZA



PATROCINA



XACOBEO 2010
Galicia



XUNTA
DE GALICIA



CONCELLO DE
PONTEVEDRA
CONCELLARÍA DE CULTURA



Pazo da Cultura de
PONTEVEDRA
Concello de Pontevedra



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

CO APOIO DO PROGRAMA CREATIVA, FINANCIADO POR



PROGRAMA
CREATIVA
EUROPEO

Investimos no noso futuro



creativa
INDUSTRIA CULTURAL
DO Pazo da Cultura de Pontevedra

AGADIC



XACOBEO 2010
Galicia



MINISTERIO DE CULTURA
DIRECCIÓN REGIONAL
DE CULTURA DO NORTE



XUNTA
DE GALICIA

COLABORA



TELEVISIÓN DE GALICIA



RADIO GALEGA



Televisión